

RESOLUCIÓN DO 2 DE SETEMBRO DO 2026 DA DIRECCIÓN DE XESTIÓN DAS PERSOAS POLA QUE SE MODIFICA A CONVOCATORIA DE PROBA PARA CONTRATOS FORMATIVOS PARA A OBTENCIÓN DE PRÁCTICA PROFESIONAL NA CATEGORÍA DE RELACIÓNS PÚBLICAS

Con data 18 de agosto do 2026 publicouse unha convocatoria co obxecto de proceder á selección de persoal para a realización de contratos en prácticas na categoría de Relacións Públicas na Corporación.

Dentro das probas programadas figuraba a seguinte:

"7.2.3. Proba de coñecemento de lingua inglesa (20 puntos)."

Consistirá nunha proba oral realizada en grupos de dúas persoas que permitirá ás persoas aspirantes demostrar os seus coñecementos de lingua inglesa. A proba será adaptada ao nivel B1. O exercicio terá unha duración máxima de dez (10) minutos e cualificarase de 0 a 20 puntos. As persoas que teñan acreditado o nivel de lingua inglesa B1 e o presenten estarán exentas de realizar a proba e outorgaráselles o máximo dos 20 puntos".

Rematado o prazo de inscrición, do exame das persoas que figuran admitidas resulta a imposibilidade material de proceder á realización da proba tal e como estaba deseñada, polo anterior esta Dirección **RESOLVE**

Modificar a proba relativa ao coñecemento de lingua inglesa que queda redactada como segue:

"7.2.3. Proba de coñecemento de lingua inglesa (20 puntos)."

Consistirá na realización dunha proba tipo test que permitirá ás persoas aspirantes demostrar os seus coñecementos de lingua inglesa. A proba será adaptada ao nivel B1 e constará de quince (15) preguntas máis tres (3) de reserva. Cada pregunta conterá catro respostas alternativas das cales só unha delas será a correcta. As respostas incorrectas non penalizarán.

O exercicio terá unha duración máxima de dez (10) minutos e cualificarase de 0 a 20 puntos.

As persoas que teñan acreditado o nivel de lingua inglesa B1 e o presenten estarán exentas de realizar a proba e outorgaráselles o máximo dos 20 puntos".

San Marcos, 2 de setembro do 2026

O Director de Xestión das Persoas

Víctor Tubío Villar



CORPORACIÓN
DE SERVIZOS
AUDIOVISUAIS
DE GALICIA
Departamento de
Xestión das Persoas